

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN**

RESOLUCIÓN do 24 de xaneiro de 2023, da Xefatura Territorial de Pontevedra, pola que se someten a información pública o estudo de impacto ambiental, as solicitudes de autorización administrativa previa e de construción e o proxecto sectorial (proxecto de interese autonómico), en concreto, das instalacións do parque eólico Torroña I, situado nos concellos de Baiona, Oia e Tomiño, provincia de Pontevedra (expediente IN408A 2020/24).

En cumprimento do disposto na Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico; na Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, modificada pola Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia, e pola Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia; no Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica; na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental; na Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, e demais normas vixentes de aplicación, sométese a información pública a solicitude relacionada coa instalación que se describe a seguir:

Solicitante: Desarrollos Renovables del Norte, S.L.U.

Denominación do proxecto: parque eólico Torroña I.

Concellos afectados: Baiona, Oia e Tomiño (Pontevedra).

Potencia para instalar: 22,8 MW.

Número de aeroxeradores que se van instalar: 4.

Produción neta anual estimada: 67.530 (MWh/ano).

Orzamento total (execución material): 20.361.537,22 €.



Coordenadas da poligonal de delimitación:

| Vértices | X UTM (H29 ETRS89) | Y UTM (H29 ETRS89) |
|----------|--------------------|--------------------|
| 1 | 510.025,35 | 4.654.030,40 |
| 2 | 512.496,06 | 4.655.155,19 |
| 3 | 513.140,19 | 4.655.155,19 |
| 4 | 513.140,19 | 4.656.322,37 |
| 5 | 514.705,63 | 4.656.331,53 |
| 6 | 514.705,63 | 4.655.961,29 |
| 7 | 516.815,65 | 4.655.961,29 |
| 8 | 517.274,95 | 4.654.583,45 |
| 9 | 514.363,64 | 4.654.583,45 |
| 10 | 513.077,58 | 4.652.492,87 |
| 11 | 510.332,87 | 4.652.492,87 |

Coordenadas dos aeroxeradores:

| Aeroxerador | X UTM (H29 ETRS89) | Y UTM (H29 ETRS89) | Modelo |
|-------------|--------------------|--------------------|-----------------|
| A1.1 (13) | 512.848,00 | 4.654.329,00 | Nordex 163/5700 |
| A1.2 (14) | 512.745,00 | 4.653.733,00 | Nordex 163/5700 |
| A2.2 (15) | 511.549,00 | 4.653.508,00 | Nordex 163/5700 |
| A2.1 (16) | 511.523,00 | 4.652.931,00 | Nordex 163/5700 |

Coordenadas de conexión dos circuitos do parque eólico Torroña I, nas celas de entrada da SET Barrantes:

| Circuitos/Celas | X UTM (H29 ETRS89) | Y UTM (H29 ETRS89) |
|-----------------|--------------------|--------------------|
| L3 | 517.118,82 | 4.654.966,42 |
| L4 | 517.119,51 | 4.654.966,49 |

Torres meteorolóxicas:

| | X UTM (H29 ETRS89) | Y UTM (H29 ETRS89) |
|---------|--------------------|--------------------|
| TO1_14P | 512.554,00 | 4.653.411,00 |
| TO1_14T | 512.745,00 | 4.653.733,00 |



Características técnicas recollidas no proxecto:

– Catro (4) aeroxeradores de 5.700 kW de potencia unitaria, de 163 m de diámetro de rotor e unha altura de buxeiro de 148 m, correspondentes co modelo Nordex N163/5700.

– Catro (4) centros de transformación de potencia nominal 6.350 kVA e tensión 0,75/30 kV, situados no interior dos aeroxeradores.

– Rede de media tensión de 30 kV soterrada, formada por dous (2) circuitos con cables RHZ1 18/30 kV Al de 240 e 400 mm² segundo o tramo, de interconexión entre os centros de transformación dos aeroxeradores e a subestación transformadora. Pola mesma gabiá discorrerá cable de terra de 50 mm² e condutor de fibra óptica.

– Instalación de celas de media tensión na subestación de transformación Barrantes 30/132 kV (obxecto doutro expediente), para a conexión dos circuitos provenientes do parque eólico e situadas na sala de celas do edificio, que contará coas seguintes instalacións: dúas (2) celas de posición de liña de 30 kV para a conexión dos aeroxeradores; unha (1) cela para equipamentos de compensación de reactiva de 30 kV para conectar cunha batería de condensadores; unha (1) cela de acometida do transformador de servizos auxiliares de 30 kV; unha (1) cela de medida e acometida do transformador de potencia de 30 kV.

– Dúas (2) torres meteorolóxicas, unha delas de curto prazo ou temporal, e outra de longo prazo ou permanente, de 148 m de altura.

Órgano competente: o órgano competente para autorizar o proxecto da referida instalación eléctrica é a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais.

Procedemento de avaliación ambiental: o proxecto da referida instalación eléctrica está suxeito a avaliación de impacto ambiental ordinaria, segundo o establecido no artigo 7.1 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

De acordo co disposto no artigo 33 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, e polas demais normas de aplicación relacionadas no inicio desta resolución, constitúen o obxecto da información pública os seguintes documentos: proxecto técnico, estudo de impacto ambiental e o proxecto de interese autonómico.

O que se fai público de conformidade co artigo 33.10 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crea o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, modificada pola Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da



implantación de iniciativas empresariais en Galicia, e pola Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, para coñecemento xeral, e para que todas aquelas persoas, naturais ou xurídicas, que se consideren prexudicadas nos seus dereitos, poidan presentar as súas alegacións no prazo de trinta (30) días, contados a partir do día seguinte ao da última publicación desta resolución.

A consulta da documentación realizarase preferentemente a través do seguinte enlace da web da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación:

<https://ceei.xunta.gal/transparencia/documentos-sometidos-a-informacion-publica>, na epígrafe de instalacións de xeración. A atención será telefónica no número 986 80 52 34.

Cando sexa indispensable a atención presencial, poderase acudir á Xefatura Territorial da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación de Pontevedra (avenida M^a Victoria Moreno, 43, 5^o, 36071 Pontevedra), mediante cita previa no número de teléfono indicado, así como ás dependencias dos concellos de Baiona (rúa Lorenzo de la Carrera, s/n, 36300 Baiona), Oia (rúa Vista Alegre, s/n, 36794 Oia) e Tomiño (praza do Seixo, s/n, 36740 Tomiño).

Pontevedra, 24 de xaneiro de 2023

Beatriz López del Olmo
Xefa territorial de Pontevedra

